

EYES WIDE SHUT

Stanley Kubrick, 1999

1333

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2024 | V.O.S.E. | +18 | 159 min

William Harford é un respectable médico neoyorquino cuxa vida parece ir moi ben: está casado cunha fermosa muller, ten unha filla e ten un traballo que lle gusta. Pero, ao día seguinte de asistir a unha festa, a súa muller Alice fálalle dunhas fantasías eróticas e de como estivo a piques de romper o seu matrimonio por un descoñecido. Abrumado por esta confesión, acaba entrando nun local, onde un antigo compañeiro lle fala dunha congregación secreta dedicada ao hedonismo e o pracer sen límites. A partir de entón un mundo dominado polo sexo e o erotismo se abre ante el.

«No é tanto un drama erótico como unha reflexión psicolóxica sobre o matrimonio, o desexo, os ciumes e a paranoia sexual»

Angie Errigo, EMPIRE



O matrimonio como mascarada

Ao doutor Bill Harford, a súa muller, Alice, sóltalle de sotaque que, no seu día, fantaseou impunemente con serlle infiel cun oficial da Mariña. Nese instante, ao doutor Bill Harford esfarélanse todas as súas seguridades e conviccións masculinas, quedando inmerso nun circuíto de vulnerabilidade emocional, humillación persoal e frustracións sexuais. *Eyes Wide Shut* é a crónica dun derrubo. O atordoamento do home será tal que a súa vida burguesa de aspirante a entrar na elite se transforma nun sórdido pesadelo. Un home miniaturizado. Un home emasculado. Un home impotente, en todos os sentidos da palabra. Todo baixo o peso dunha idea plantada na súa mente, como unha semente que enraíza, agroma e crece.

Ao recibir o golpe, Harford penetra nas sombras, enfundado en negro, afundido na noite. A idea seminal medra. A atmosfera de misterio desprégase a medida que o seu dominio da situación e a súa estabilidade mental se veñen abaixo, co que a intriga vai vibrando ata alcanzar a súa cénit nesa soada escena da sociedade secreta onde se desencadea unha orxía de máscaras venecianas, embriagadora, sinistra e perturbadora. Stanley Kubrick pon en confrontación e loita as tonalidades cálidas, douradas, coas frías, azuladas, á vez que desliza incisivas invasións dunha cor agresiva e sexual como a vermella. O segundo valse de Dmitri Shostakovich xira e xira, obsesivo, nunha espiral abagante.

A odisea de Harford debuxa unha escisión entre a vida cotiá da parella -a montaxe paralela das rutinas de cada cal que se expón antes da confesión, detalles tan anticinematográficos como secar os xenitais tras a micción ou aplicar desodorizante nas axilas- e esta dimensión de fantasía e tormento na que penetra o médico resentido -e aínda así, dun aspecto máis real que a proxección puramente platónica que lle desvelaba a súa esposa-. A minimalista e intigante música de piano segue os pasos de Harford no seu descenso aos infernos, onde o desexo -o sexo- ten constantemente a súa contrapartida de perigo -as ameazas da seita, o desterro do poeta Ovidio, a SIDA, a sobredose-. Cando este conclúe, o son de fondo volve recuperar os ruídos diarios da cidade. Pero, tras o colapso, é un mundo no que xa non se atopan certezas, seguridades.

Eyes Wide Shut traza un venenoso estudo do matrimonio como mascarada na que, ao final, o único contacto certo parece ser o sexual, a través do cal se mide o equilibrio dos seus compoñentes e no que se verten e desfogan sonhos e fabulacións xeralmente vedados polas convencións sociais. Os ollos pechados de par a par. A ilusoria felicidade das luces do Nadal. As rúas de Nova York recreadas en estudos de gravación ingleses. O resto da vida en sociedade é tamén unha mascarada, cos seus ritos, os seus regulamentos e as súas relacións asimétricas de poder, posesión e ambición.

Establecendo un xogo entre realidades que reforza e amplía a formulación da obra, ao longo da metraje a Tom Cruise chámano maricón e anano, e un fornido actor roda escenas sexuais relativamente gráficas coa súa entón esposa. As faladurías maliciosas e os complexos do actor aparecen reflectidos en pantalla, mentres a estrela todopoderosa, o noivo de América, expresa con intensidade o azoramento do seu personaxe. Nicole Kidman, pola súa banda, aparece como unha muller relegada a un segundo plano tras o seu marido, practicamente reducida ao fogar, lucida con entusiasmo nas festas, sen verdadeira autonomía profesional e persoal.